



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 7 DE NOVEMBRO DE 2024

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA E INCLUSIÓN DOS ASUNTOS NA ORDE DO DÍA.....	2
2.- APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN PUNTUAL PXOM SECTOR URDI-2. EXPDTE 2020/U032/000001.....	3
REMATE DA SESIÓN.....	24
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	24





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 07 DE NOVEMBRO DE 2024

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D^a María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Luis Pena Mosquera (BNG)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D^a Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e tres minutos do día sete de novembro de dous mil vinte e catro, xúntanse, en sesión extraordinaria e urxente do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente , don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria e a Interventora municipal

A Secretaria municipal:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal

D^a. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA E INCLUSIÓN DOS ASUNTOS NA ORDE DO DÍA

A secretaria da lectura á proposta da alcaldía-presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA SESIÓN DO PLENO DE 7.11.2024.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente: 2024/G006/000239

Logo de ver que o expediente de APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 1 DO PXOM DO CONCELLO DE PONTEDEUME. ORDENACIÓN DETALLADA DO SECTOR URDI-2 LECHE CELTA está concluído e para evitar máis dilacións no tempo nun asunto de grande importancia para o desenvolvemento económico do Concello de Ponte deume

Esta Alcaldía en funcións **PROPÓN** ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. - Ratificar a Urgencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno de 07.11.2024.

SEGUNDO. - Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión do asunto:

- **APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 1 DO PXOM DO CONCELLO DE PONTEDEUME. ORDENACIÓN DETALLADA DO SECTOR URDI-2 LECHE CELTA (Expediente: 2020/U032/000001) “**

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE; 2 BNG; 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. - Ratificar a Urgencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno de 07.11.2024.

SEGUNDO. - Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión do asunto:

- **APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 1 DO PXOM DO CONCELLO DE PONTEDEUME. ORDENACIÓN DETALLADA DO SECTOR URDI-2 LECHE CELTA (Expediente: 2020/U032/000001)**

2.- APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN PUNTUAL PXOM SECTOR URDI-2. EXPDTE 2020/U032/000001.

A secretaria da lectura a proposta da alcaldía-presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN N.º 1 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME E ORDENACIÓN DETALLADA DO SECTOR URDI-2 “LECHE CELTA”

(Expediente TEdC: 2020/U032/000001 – 2024/G006/000238)

Logo de ver o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) para o concello de Ponte deume aprobado definitivamente pola Orde do 27 de maio de 2016 asinada pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Dna. María Encarnación Rivas Díaz. Segundo o art. 82 da LSG, con data de publicación no DOGA de 8 de setembro de 2016 publicouse a ORDE de 27 de maio de 2016 de aprobación definitiva do PXOM de Ponte deume; con data de publicación no DOGA de 23 de setembro de 2016 publicouse a CORRECCIÓN DA ORDE de 27 de maio de 2016 de aprobación definitiva do PXOM de Ponte deume; con data de publicación no BOP de 6 de outubro de 2016 publicouse a Normativa e Ordenanzas no PXOM.

Tendo en conta o expediente TEdC con núm. 2020/U032/000001, que da súa documentación constan os antecedentes que a continuación se detallan:

- Escrito de Álvaro José Calderón Carrero, en representación de Leche Celta, SLU polo que se presenta Borrador do Plan Parcial URDI-2 “Leche Celta”. Solicitud de inicio do proceso de avaliación ambiental simplificada redactado en decembro 2016, con data de rexistro de entrada no concello 20.12.2016 (nre 8627).

- Solicitudes de informes sobre suficiencia infraestruturas e servizos existentes de data 16.02.2017

- Víaqua, Gestión Integral de Augas de Galicia, SAU
- Gas Galicia, SDG, SA
- Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia
- Unión Fenosa Distribuciones, SA

- Informes recibidos de empresas subministradoras e distribuidoras de servizos e infraestruturas afectadas:

- Unión Fenosa Distribución, SA, con data de rexistro de entrada no concello do 13.03.2017 (nre 1225), no que se conclúe “actualmente carece de infraestruturas eléctricas con capacidade suficiente para atender a nova demanda de potencia”.
- Gas Natural Distribución con data de rexistro de entrada no concello do 24.04.2017 (nre 2131) no que se conclúe: “no afecta a ningunha red de gas natural propiedade de GAS NATURAL GALICIA, S.A., según la documentación aportada”.
- Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio) con data de rexistro de entrada no concello de 06.11.2017 (6106)





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- *Informe da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria con data de rexistro de entrada no concello 20.04.2017 (nre 1993) no que se indica:*

“Polo exposto, deberase ter en consideración, o contido na “Planificación dos sectores de electricidade e gas 2008-2016” e na “Planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica 2015-2020”, dipoñibles na páxina web do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

(...)

Por outra veira o artigo 154 do R.D. 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedemento de autorizacións de instalacións de enerxía eléctrica”.

(...)

Por último, débese ter en conta que a servidume de paso das liñas eléctricas aéreas impoñen limitacións á plantación de árbores e á construción de edificios tal e como se indica nos artigos do 157 ao 162 do Real Decreto 1955/2000.”.

- *Informe de Viaqua SAU con data de rexistro de entrada no concello do 26.03.2018 (nre 201899900000062)e complemento do anterior, con data de rexistro de entrada no concello do 31.05.2018 (nre 201899900000106), no que se conclúe: “Como mejor opción, VIAQUA cnsidera la construcción de un bombeo en la zona de URDI-2; por ser esta opción una solución probada, sencilla, escalable en el tiempo y más económica que la construcción de una planta deputadora”, segundo as conclusións que se recollen no dito informe.*

- Escrito de Álvaro Calderón Carrero, en representación de Leche Celta, SL no que se presenta Documento de inicio da avaliación ambiental integrada estratéxica simplificada de “Modificación puntural do PXOM de Ponte deume e Ordenación detallada do sector URDI-2 “Leche Celta”. Borrador do Plan redactado en setembro 2018, con data de rexistro de entrada no concello do 21.12.2018 (nre 5764).

- Informe de Viaqua SAU con data de rexistro de entrada no concello do 08.04.2019 (nre 201999900000106) complementario, no que se conclúe: “Contando con estas medidas y teniendo en cuenta que existen momentos en los cuales el caudal de entrada a la EDAR está por debajo del caudal medio de diseño de la EDAR, la EDAR de Centroña podría sumir el caudal de 300 m³/día enviados desde el bombeo situado en el sector URDI-2.”, segundo as conclusións que se recollen no dito informe.

- Solicitud ao Servizo de Avaliación Ambiental de inicio de avaliación ambiental estratéxica simplificada de data 17.04.2019

- Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático polo que se formula o Informe Ambiental Estratéxico da Modificación Puntural do PXOM de Ponte deume e ordenación detallada do sector URDI-2 “Leche Celta”, con data de rexistro de entrada no concello do 15.07.2019 (nre 20199000000794).





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Escrito de Monteoliva Arquitectura, SLP no que se presenta Documento de aprobación inicial de "Modificación puntual do PXOM de Ponte deume e Ordenación detallada do sector URDI-2 "Leche Celta" redactado en marzo 2020, con data de rexistro de entrada no concello do 14.04.2020 (nre 603).

- Solicitudes de informes sobre suficiencia infraestruturas e servizos existentes de data 11.08.2020:

- Viaqua, Gestión Integral de Augas de Galicia, SAU
- UFD Distribución Electricidad, SA

- Solicitud de informes sectoriais previos a aprobación inicial de data 11.08.2020:

- Ministerio de Fomento: artigo 16.6 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas
- Ministerio de Fomento. Informe do órgano substantivo competente da infraestructura (autopista AP-9 e N-561): artigo 11 do RD 1367/2007, do 19 de outubro no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

- Solicitud de informes de data 11.08.2020:

- Rexistro da Propiedade de Ponte deume
- Xefatura Territorial do Catastro

- Solicitud de informe ao Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación Provincial da Coruña do 13.11.2020

- Informe da Dirección General de Carreteras, Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana do 13.11.2020 DESFAVORABLE, con data de rexistro de entrada no concello 16.11.2020 (Nre 20209000001032).

- Informe de UFD Distribución Electricidad, SA con data de rexistro de entrada no concello do 16.11.2020 (nre 20209000001031) no que se conclúe: "non mostra inconveniente ó proxecto presentado (MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM. LECHE CELTA) condicionada dita execución ao cumprimento das prescricións técnicas e regulamentarias establecidas na lexislación aplicable ás instalacións da rede de distribución afectadas, das que é titular esta Sociedade."

- Informe da Gerencia Regional do Catastro de Galicia con data de rexistro de entrada no concello 23.11.2020 (nre 2397) respecto da valoración como de natureza rústica a efectos catastrais das fincas afectadas polo polígono "URDI-2. Leche Celta" en tanto non contén con determinacións de ordenación detallada ou pormenorizada.

- Solicitud de José Caeiro Passinhas, en representación de Leite Celta, SA con data de rexistro de entrada no Concello 04.12.2020 (nre 202099900001794) no que se presenta novo estudo de tráfico.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Informe de Víaqua, Gestión Integral de Augas de Galicia, SAU con data de rexistro de entrada no concello do 31.03.2021 (nre 202199900000606)

- Informe de Víaqua, Gestión Integral de Augas de Galicia, SAU con data de rexistro de entrada no concello do 03.05.2021 (nre 202199900000781), complementario ao presentado o 31.03.2021

- Informe de Víaqua, Gestión Integral de Augas de Galicia, SAU con data de rexistro de entrada no concello do 28.06.2021 (nre 202199900001140) no que se conclúe: "REDE DE ABASTECIMIENTO: Este grupo de presión de Campolongo, será o que da servizo ás novas infraestruturas de abastecemento que subministrarán ó sector URDI-2 e o núcleo de A Regueira, que ó sumarlle a actual demanda de Leche Celta coa demanda das novas instalacións verá superada a súa capacidade de subministro. Esta situación quedaría solventada se o núcleo de A Regueira fose abasteceido dende a canlización que discorre polo núcleo de O Castro e que se alimenta dende o depósito de Andrade. Salientar que este novo tramo de abasteceento poderíase executar aproveitando a obra civil xa precisa para a instalación da rede de saneamento que une o núcleo de A Regueira co núcleo de O Castro, tal e como se amosa no plano OX-4.

REDE DE SANEAMENTO: Tendo en conta que as propostas presentadas por Víaqua o paado 8 de abril do 2019 foron tidas en conta na súa totalidade para o novo deseño das infraestruturas de saneamento; as obras reflectidas na "Modificación Puntual do PXOM de Ponte deume e Ordenación Detallada do Sector URDI-2 "Leche Celta" cumpren con tódolos requisitos técnicos ó entender deste Servizo Municipal".

- Solicitud de José Caeiro Passinhas, en representación de Leite Celta, SA con data de rexistro de entrada no Concello 13.07.2021 (nre 202199900001239) no que se presenta Documento de arobación inicial de "Modificación puntual do PXOM de Ponte deume e Ordenación detallada do sector URDI-2 "Leche Celta".

- Solicitud de José Caeiro Passinhas, en representación de Leite Celta, SA con data de rexistro de entrada no Concello 09.03.2023 (nre 202399900000370) e 21.03.2023 (nre 202399900000460) no que se presenta Documento de arobación inicial de "Modificación puntual do PXOM de Ponte deume e Ordenación detallada do sector URDI-2 "Leche Celta" redactado en marzo de 2023.

- Solicitud de informes sectoriais previos a aprobación inicial:

- Ministerio de Fomento. Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, solicitado o día 30.03.2023

- Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana. Dirección General de Aviación Civil, solicitado o día 13.04.2023

- Informe da Dirección General de Carreteras, Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana do 08.11.2023 FAVORABLE coas condicións que no mesmo se indican, con data de rexistro de entrada no concello 19.11.2023 (nre 202390000001531).





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- *Solicitud de José Caeiro Passinhas, en representación de Leite Celta, SA con data de rexistro de entrada no Concello 29.11.2023 (nre 202399900002086) no que se presenta Documento de aprobación inicial de "Modificación puntual do PXOM de Ponte deume e Ordenación detallada do sector URDI-2 "Leche Celta" redactado en decembro de 2023.*

- *Informe técnico da arquitecta municipal asinado o 05.12.2023*

- *Addenda a informe técnico da arquitecta municipal asinado o día 18.07.2024*

- *Anexo ao Informe sectorial para saneamento na zona de Urdi -2 asinado o día 15.07.2024 por Viaqua, Gestión Integral de Augas de Galicia, SAU e con nre no concello 202499900001298 que no seu apartado **3-Conclusiones** indica: "Con todo lo anteriormente expuesto, podemos concluir que los costes de explotación y mantenimiento de una estación de bombeo para estos caudales son muy inferiores a los costes de explotación de una Estación de tratamiento de Aguas Residuales (EDAR) además de ser la opción técnicamente idónea por ser una solución escalable a diferentes caudales."*

- *Informe sobre a Modificación Puntual nº 1 do PXOM de Ponte deume e Ordenación detallado do Sector Urdi-2 da Subdirección Xeral de Aeroportos e Navegación Marítima asinado o 16.10.2024 e recibida no concello o día 17.10.2024 (nre 20240000002485 e 202490000001379) favorable en canto ás servidumes aeronáuticas, "siempre y cuando las construcciones, instalaciones o plantaciones propuestas u objetos fijos o móviles (postes, antenas, aerogeneradores incluídas sus palas, carteles, etc.), así como el gálibo de las infraestructuras viarias no vulneren las servidumbres aeronáuticas".*

- *Informe técnico da arquitecta municipal asinado o 17.10.2024 previo á aprobación inicial da MP do PXOM (Sector Urdi-2 Leite Celta)*

- *Informe xurídico de data 25.10.2024 emitido polo servizo de Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de A Coruña previo á modificación puntual do PXOM de Ponte deume.*

- *Informe da Intervención municipal Ref núm. 301/2024 asinado o día 31.10.2024*

- *Addenda a informe técnico asinado pola arquitecta municipal o día 01.11.2024*

- *Addenda a informe técnico asinado pola arquitecta municipal o día 05.11.2024*

- *Informe xurídico da Técnica Superior de Administración Local coa conformidade da Secretaria municipal asinado o día 05.11.2024 sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente.*

Considerando a lexislación urbanística aplicable ao presente expediente, isto é Os artigos 45 a 47, 51 a 62, 65 a 69, 82 a 90 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia; os artigos 103 a 147, 157 a 176, 185, 199 a 217 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro; os artigos 17 a 28 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental e a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e demais normativa concordante.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Considerando o establecido no artigo 21, 22.2.c) e 47.2 II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e normativa concordante.

Esta Alcaldía-Presidencia, propón ao Pleno do concello, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a “Modificación puntual nº 1 do PXOM de Ponte deume e Ordenación detallada do sector URDI-2 “Leche Celta” decembro de 2023”, nos termos contidos na redacción proposta no Documento de aprobación inicial redactado por Monteoliva Arquitectura, SLP e asinado dixitalmente polo arquitecto Ángel Luis Monteoliva Díaz en data 29.11.2023 e con data de rexistro de entrada no concello do 29.11.2023 (nre 202399900002086), que a modo de resumo son as que a continuación se indican, segundo o recollido na memoria xustificativa:

“2.12. DETERMINACIÓNS ORIXINAIS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL AFECTADAS POLA MODIFICACIÓN PUNTUAL

As determinacións urbanísticas para o desenvolvemento do sector URDI-2 están orixinalmente establecidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ponte deume.

Xurde agora a necesidade de modificar algúns aspectos relacionados co desenvolvemento do sector, o que implica a modificación dun conxunto de determinacións das establecidas polo PXOM, algunhas específicas do desenvolvemento, e outras de carácter mais xeral, relacionadas con el.

As determinacións do PXOM afectadas pola presente modificación puntual son as seguintes:

- Ficha de desenvolvemento do sector URDI-2, no que se refire ás actuacións de ampliación e reforzo dos sistemas xerais de servizos urbanos de abastecemento de auga e saneamento e demandas.
- Aspectos da Normativa Urbanística do PXOM relativos á dotación de auga do sector.
- Determinacións gráficas dos sistemas xerais de abastecemento e saneamento vinculados ao sector.

Debido á necesidade de realizar axustes na delimitación do ámbito do sector é preciso modificar ademais as seguintes determinacións:

- Planos de clasificación e calificación do solo do termo municipal
- Ficha do sector de solo urbanizable non delimitado URNDI-1, no relativo á delimitación e superficie do ámbito.

2.12.1. FICHA DO SECTOR URDI-2 “LECHE CELTA”.

Modifícase a ficha de desenvolvemento do sector URDI-2, no que se refire ás actuacións de ampliación e reforzo dos sistemas xerais de servizos urbanos de abastecemento de auga e saneamento.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2.12.2. NORMATIVA

Son obxecto da modificación puntual as seguintes determinacións da Normativa Urbanística do PXOM de Ponte deume, relacionadas co desenvolvemento do sector de solo urbanizable URDI-2 e con aspectos xerais da dotación de auga:

- Artigo 4.5.2 SERVICIO DE ABASTECIMIENTO Y DISTRIBUCIÓN INTERIOR DE AGUA POTABLE. Apdo 1, no relativo ao abastecemento de auga potable no interior dos edificios.
- Artigo 4.11.3 REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA E REGA, no relativo ás previsións de consumo en zonas residenciais e industriais.
- Artigo 9.2.1 DETERMINACIÓNS PARA TODO O SOLO URBANIZABLE DELIMITADO. Apdo. 4.2 punto 1), relativo á dotación mínima de abastecemento en solo urbanizable.
- Artigo 9.2.2 DETERMINACIÓNS COMPLEMENTARIAS PARA USO INDUSTRIAL. Apdo 3.2 punto 1), relativo á dotación mínima de abastecemento en solo urbanizable industrial.

2.12.3. PLANOS DE ORDENACIÓN DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO

Están afectados pola presente modificación puntual os seguintes planos, relativos á ordenación dos sistemas xerais de infraestruturas de servizos:

-Plano S-1.5. REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA POTABLE E:1/5.000

-Plano S-4.5. REDE DE SANEAMENTO E:1/5.000

2.12.4. PLANOS DE ORDENACIÓN DE CLASIFICACIÓN E CALIFICACIÓN

Modifícanse as seguintes follas dos planos de clasificación e calificación do solo, debido aos axustes na delimitación do ámbito do sector URDI-2, que afectan ademáis ao ámbito de solo urbanizable URNDI-1:

-Folla O-2.05. CLASIFICACIÓN DO SOLO DO TERMO MUNICIPAL E:1/5.000

-Folla O-3.23. CALIFICACIÓN DO SOLO DO TERMO MUNICIPAL E:1/2.000

2.12.5. FICHA DO AMBITO DE SOLO URBANIZABLE URNDI-1

Modifícase a ficha do ámbito de solo urbanizable non delimitado URNDI-1, no que respecta á delimitación e superficie do ámbito e á superficie total edificable".

Inclúese na modificación puntual, a ordenación detallada do sector URDI-2 "Leche Celta"

SEGUNDO.- Someter o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

difusión na provincia. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica deste concello (taboleiro electrónico: <https://sede.pontedeume.gal>).

TERCEIRO.- Trasladar a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo para que realice as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán emitirse no prazo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable. No caso dos concellos limítrofes, a non contestación no prazo referido entenderase no sentido de que non se formulan obxeccións ao plan.

Cumprimentados os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o resultado, podendo continuarse o procedemento.

CUARTO.- Simultaneamente ao trámite de información pública, solicitar das Administracións públicas competentes os informes sectoriais necesarios, segundo o recollido no ANEXO II do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado mediante Decreto 143/2016, do 22 de setembro e segundo o informe da arquitecta municipal do 17.10.2024 e a Addenda ao informe técnico asinado o día 01.11.2024, sendo os que a continuación se relacionan:

- Informe da Delegación do Goberno. Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, artigo 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, artigo 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
- Informe da confederación hidrográfica sobre cuxas bacías se estenda o termo municipal. Artigo 25.4 do RDL 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e artigo 22.3 do RDL 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.
- Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Artigo 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións.
- Informe da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ou órgano autonómico que resulte competente. Artigo 106 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
- Informe da Axencia Galega de Infraestruturas. Artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e artigo 42 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Informe de Augas de Galicia. Artigo 39 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e artigo 43 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Artigo 47 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, e artigo 46 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe da Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal. Artigo 66 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e artigo 44 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e 39 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. Informe da Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal.
- Informe do Instituto de Estudos do Territorio. Artigo 7 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e artigo 47 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe da Deputación Provincial. Artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e artigo 42 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Remisión á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, para que valore a necesidade de solicitar o Informe da Comisión Galega de Protección Civil. Disposición adicional quinta da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Informe da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Artigo 51 do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.
- Informe do Consello Autonómico para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras. Artigo 16 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e artigo 49 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 47 da LSG e 86 e LAG, determinar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas, tamén referida ás licenzas de parcelación, edificación e demolición, cunha duración máxima de dous anos, a contar dende a dita aprobación inicial e extinguíndose, en calquera caso, coa aprobación definitiva do planeamento.

As áreas afectadas pola presente suspensión son as seguintes:

“A suspensión de licenzas adoitarse no ámbito do sector URDI-2 “LECHE CELTA”.

O ámbito do sector ten unha extensión superficial de 9,4 Has, e a relación de parcelas catastrais é a seguinte:

001200200NJ60D0001KE
15070A02500003
15070A02500004
15070A02500008
15070A02500009
15070A02500010
15070A02500334





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

15070A02500014
15070A02500015
15070A02500016
15070A02500051
15070A02500052
15070A02500053
15070A02500054
15070A02500055
15070A02500056
15070A02500057
15070A02500058
15070A02500060
15070A02500064
15070A02500090
15070A02500097
15070A02500098
15070A02500099
15070A02500100
7036701NJ6073N
7036702NJ6073N


A expresión gráfica deste concepto queda reflectida no Plano que se xunta no documento RESUMO EXECUTIVO, baixo o concepto de "Ámbito de alteración do planeamento e da suspensión de Licenzas".






CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3.- PLANOS DOS ÁMBITOS DA ALTERACIÓN DO PLANEAMENTO E DA SUSPENSIÓN DE LICENZAS





SIXTO.- De conformidade co establecido nos artigos 65 da LSG e o artigo 157 do RLSG e dado que a presente modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Ponte deume supón unha modificación da delimitación do ámbito URDI-2, someter o presente expediente a audiencia previa dos propietarios e propietarias afectadas, segundo o indicado na Memoria xustificativa da modificación puntual nº1 do PXOM e no informe da arquitecta municipal do 17.10.2024, sendo os titulares catastrais das fincas que a continuación se relacionan:

15070A02400546
15070A02400547
15070A02400548
15070A02500050
15070A02500053

Os interesados, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. Se antes do vencemento do prazo os interesados manifiestan a súa decisión de non efectuar alegacións nin aportar novos documentos ou xustificacións, terase por realizado o trámite.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SÉTIMA.- De conformidade co establecido no artigo 65 da LSG e o artigo 157 do RLSG, por supoñer un reaxuste que supón a reclasificación da parcela catastral 15070A02500053, pasando a súa calificación de solo rústico de especial protección forestal a solo urbanizable, solicitar o informe sectorial do órgano sectorial competente.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime pertinente”.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Daniel Ríos Fernández, concelleiro delegado de Urbanismo**, que di que esta modificación da lugar a sostibilidade e viabilidade á planta actual e permitirá ampliara cunha inversión entorno aos 12 millóns de euros co aumento do número de postos de traballo; e quere agradecer a todas as persoas implicada no expediente que resulta ser moi complexo.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG**, para dicir que o voto do seu grupo vai ser favorable, que entenden que é un expediente moi complexo pero moi importante para o desenvolvemento dos poucos usos industrias dos que dispón o concello; e indica que ten unha serie de preguntas para clarificar algúns puntos do expediente. Pregunta en primeiro lugar pola desconformidade existente entre a propiedade e o Concello, que aparece reflectida no informe.

Responde o **Sr. Presidente** para dicir que inicialmente había unha desconformidade polo tema da depuradora, xa que no PXOM establecíase que eles tiñas que construír unha depuradora e entregala ao Concello e a partir de ahí, sería o concello o encargado do mantemento desa nova instalación e isto non lle interesaba ao Concello que xa hai un informe da empresa Viaqua que acredita que a depuradora municipal ten capacidade suficiente para asumir as augas residuais e que é menos gravosa para as arcas municipais. Continúa dicindo que outra das discrepancias, foi o acceso á planta, xa que co aumento das instalacións se superaba o ratio establecido polo Ministerio de Fomento; e se formularon varias opcións, e finalmente vaise aproveitar a vía de servizo que vai a carón da autoestrada para acceder á planta e deixar o actual acceso só para saídas. Indica tamén que o atraso tamén veu motivado polos distintos informes sectoriais necesarios para a tramitación do expediente.

Pregunta **don Luis Pena Mosquera do BNG**, en relación coa depuradora se o que se está propondo con esta modificación é bombear todos as augas residuais a depuradora de Centroña; e se o que din os informes de que tanto a EDAR de Centroña como a de Andrade están sen permiso de vertido; e propón que se lle formule a empresa dimensionar un pouco máis a súa propia depuradora para que todas as augas residuais podan ser reutilizadas.

Responde o **Sr. Presidente** que todo irá a EDAR de Centroña, e que se están tramitando as autorizacións de vertido; e di que a empresa insiste en que a depuradora que teñen na actualidade ten capacidade suficiente para asumir as augas residuais e logo reutilizalas no campo de golf; polo que en principio non habería grandes bombeos á EDAR municipal, e que neste caso terían que asumir os custes desa depuración.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera do BNG**, para dicir que entende que o subministro de enerxía eléctrica tamén se verá afectado con esta modificación, e pregunta como se resolve este problema; e tamén pregunta polo subministro de auga e se a poboación de Ponte deume se pode ver afectada polo incremento do consumo que vai necesitar a planta.

Responde o **Sr. Presidente** que a empresa xa leva un par de anos tramitando a repotenciación da liña eléctrica cun tramo novo e que no proxecto está contemplada a acometida á rede de gas. En canto a auga, di que a collen de Andrade e que como a capacidade da planta non está ao 100 % de momento o subministro de auga é suficiente; pero que hai un acordo que non se inclúe neste proxecto, para a construción dun novo depósito nas Pedridas; que Viaqua está facendo un estudio para a súa localización e Leite Celta comprométese a costear esa nova infraestrutura; que daría subministro a zona de Ar, As Pedridas, Campolongo, A Regueira e a Leite Celta.

Indica **don Luis Pena Mosquera do BNG** que figura no expediente o informe de avaliación ambiental ten unha vixencia ata xullo do 2025, e tendo en conta os prazos de exposición pública, a petición de informes que hai que realizar parece que igual non se chega a xullo coa tramitación final; e para finalizar cree que é importante dar audiencia aos propietarios afectados pola modificación.

Responde o **Sr. Presidente**, que hai pedida unha prórroga do informe de avaliación ambiental, e en relación aos propietarios di que figura no acordo a relación das parcelas afectadas, e di que a maioría das propiedades son de Leite Celta; que logo entre o polígono e Leite Celta hai propiedade privadas que quedan nunha bolsa de solo urbanizable industrial.

Toma a palabra **don Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do BNG**, para dicir que no borrador de avaliación ambiental non aparece o viario que se comentou de acceso a Leite Celta; e pregunta sobre a depuradora se podería dimensionar en previsión dunha ampliación do polígono.

Responde o **Sr. Presidente** que non é posible dimensionar unha depuradora para un futuro, a que se deseña e para este ámbito de aplicación; e sobre o viario indican que hai un informe de novembro de 2023 do Ministerio de Fomento sobre ese viario.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do PP**, para indicar o voto do seu partido vai ser a favor, e que se intente no máximo posible dar axilidade na continuidade da tramitación do procedemento, xa que é unha modificación moi beneficiosa para o Concello.

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP) o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a “Modificación puntual nº 1 do PXOM de Ponte deume e Ordenación detallada do sector URDI-2 “Leche Celta” decembro de 2023”, nos termos contidos





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

na redación proposta no Documento de aprobación inicial redactado por Monteoliva Arquitectura, SLP e asinado dixitalmente polo arquitecto Ángel Luis Monteoliva Díaz en data 29.11.2023 e con data de rexistro de entrada no concello do 29.11.2023 (nre 202399900002086), que a modo de resumo son as que a continuación se indican, segundo o recollido na memoria xustificativa:

“2.12. DETERMINACIÓNS ORIXINAIS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL AFECTADAS POLA MODIFICACIÓN PUNTUAL

As determinacións urbanísticas para o desenvolvemento do sector URDI-2 están orixinalmente establecidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ponte deume.

Xurde agora a necesidade de modificar algúns aspectos relacionados co desenvolvemento do sector, o que implica a modificación dun conxunto de determinacións das establecidas polo PXOM, algunhas específicas do desenvolvemento, e outras de carácter mais xeral, relacionadas con el.

As determinacións do PXOM afectadas pola presente modificación puntual son as seguintes:

- Ficha de desenvolvemento do sector URDI-2, no que se refire ás actuacións de ampliación e reforzo dos sistemas xerais de servizos urbanos de abastecemento de auga e saneamento e demandas.
- Aspectos da Normativa Urbanística do PXOM relativos á dotación de auga do sector.
- Determinacións gráficas dos sistemas xerais de abastecemento e saneamento vinculados ao sector.

Debido á necesidade de realizar axustes na delimitación do ámbito do sector é preciso modificar ademais as seguintes determinacións:

- Planos de clasificación e calificación do solo do termo municipal
- Ficha do sector de solo urbanizable non delimitado URNDI-1, no relativo á delimitación e superficie do ámbito.

2.12.1. FICHA DO SECTOR URDI-2 “LECHE CELTA”.

Modifícase a ficha de desenvolvemento do sector URDI-2, no que se refire ás actuacións de ampliación e reforzo dos sistemas xerais de servizos urbanos de abastecemento de auga e saneamento.

2.12.2. NORMATIVA

Son obxecto da modificación puntual as seguintes determinacións da Normativa Urbanística do PXOM de Ponte deume, relacionadas co desenvolvemento do sector de solo urbanizable URDI-2 e con aspectos xerais da dotación de auga:

- Artigo 4.5.2 SERVICIO DE ABASTECIMIENTO Y DISTRIBUCIÓN INTERIOR DE AGUA POTABLE. Apdo 1, no relativo ao abastecemento de auga potable no interior dos edificios.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Artigo 4.11.3 REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA E REGA, no relativo ás previsións de consumo en zonas residenciais e industriais.
- Artigo 9.2.1 DETERMINACIÓNS PARA TODO O SOLO URBANIZABLE DELIMITADO. Apdo. 4.2 punto 1), relativo á dotación mínima de abastecemento en solo urbanizable.
- Artigo 9.2.2 DETERMINACIÓNS COMPLEMENTARIAS PARA USO INDUSTRIAL. Apdo 3.2 punto 1), relativo á dotación mínima de abastecemento en solo urbanizable industrial.

2.12.3. PLANOS DE ORDENACIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO

Están afectados pola presente modificación puntual os seguintes planos, relativos á ordenación dos sistemas xerais de infraestruturas de servizos:

-Plano S-1.5. REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA POTABLE E:1/5.000

-Plano S-4.5. REDE DE SANEAMENTO E:1/5.000

2.12.4. PLANOS DE ORDENACIÓN DE CLASIFICACIÓN E CALIFICACIÓN

Modifícanse as seguintes follas dos planos de clasificación e calificación do solo, debido aos axustes na delimitación do ámbito do sector URDI-2, que afectan ademáis ao ámbito de solo urbanizable URNDI-1:

-Folla O-2.05. CLASIFICACIÓN DO SOLO DO TERMO MUNICIPAL E:1/5.000

-Folla O-3.23. CALIFICACIÓN DO SOLO DO TERMO MUNICIPAL E:1/2.000

2.12.5. FICHA DO AMBITO DE SOLO URBANIZABLE URNDI-1

Modifícase a ficha do ámbito de solo urbanizable non delimitado URNDI-1, no que respecta á delimitación e superficie do ámbito e á superficie total edificable”.

Inclúese na modificación puntual, a ordenación detallada do sector URDI-2 “Leche Celta”

SEGUNDO.- Someter o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica deste concello (taboleiro electrónico: <https://sede.pontedeume.gal>).

TERCEIRO.- Trasladar a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo para que realice as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán emitirse no prazo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable. No caso dos concellos limítrofes, a non contestación no prazo referido entenderase no sentido de que non se formulan obxeccións ao plan.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Cumprimentados os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o resultado, podendo continuarse o procedemento.

CUARTO.- Simultaneamente ao trámite de información pública, solicitar das Administracións públicas competentes os informes sectoriais necesarios, segundo o recollido no ANEXO II do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado mediante Decreto 143/2016, do 22 de setembro e segundo o informe da arquitecta municipal do 17.10.2024 e a Addenda ao informe técnico asinado o día 01.11.2024, sendo os que a continuación se relacionan:

- Informe da Delegación do Goberno. Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, artigo 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, artigo 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
- Informe da confederación hidrográfica sobre cuxas bacías se estenda o termo municipal. Artigo 25.4 do RDL 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e artigo 22.3 do RDL 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.
- Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Artigo 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións.
- Informe da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ou órgano autonómico que resulte competente. Artigo 106 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
- Informe da Axencia Galega de Infraestruturas. Artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e artigo 42 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Informe de Augas de Galicia. Artigo 39 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e artigo 43 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Artigo 47 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, e artigo 46 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal. Artigo 66 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e artigo 44 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e 39 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. Informe da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal.
- Informe do Instituto de Estudos do Territorio. Artigo 7 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e artigo 47 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Informe da Deputación Provincial. Artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e artigo 42 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Remisión á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, para que valore a necesidade de solicitar o Informe da Comisión Galega de Protección Civil. Disposición adicional quinta da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Informe da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Artigo 51 do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.
- Informe do Consello Autonómico para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras. Artigo 16 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e artigo 49 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 47 da LSG e 86 e LAG, determinar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas, tamén referida ás licenzas de parcelación, edificación e demolición, cunha duración máxima de dous anos, a contar dende a dita aprobación inicial e extinguíndose, en calquera caso, coa aprobación definitiva do planeamento.

As áreas afectadas pola presente suspensión son as seguintes:

“A suspensión de licenzas adoitarase no ámbito do sector URDI-2 “LECHE CELTA”.

O ámbito do sector ten unha extensión superficial de 9,4 Has, e a relación de parcelas catastrais é a seguinte:

001200200NJ60D0001KE
15070A02500003
15070A02500004
15070A02500008
15070A02500009
15070A02500010
15070A02500334
15070A02500014
15070A02500015
15070A02500016
15070A02500051
15070A02500052
15070A02500053
15070A02500054
15070A02500055
15070A02500056
15070A02500057







CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

15070A02500058
15070A02500060
15070A02500064
15070A02500090
15070A02500097
15070A02500098
15070A02500099
15070A02500099
15070A02500100
7036701NJ6073N
7036702NJ6073N

A expresión gráfica deste concepto queda reflectida no Plano que se xunta no documento RESUMO EXECUTIVO, baixo o concepto de “Ámbito de alteración do planeamento e da suspensión de Licenzas”.

3.- PLANOS DOS ÁMBITOS DA ALTERACIÓN DO PLANEAMENTO E DA SUSPENSIÓN DE LICENZAS





SEXTO.- De conformidade co establecido nos artigos 65 da LSG e o artigo 157 do RLSG e dado que a presente modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Ponte deume supón unha modificación da delimitación do ámbito URDI-2, someter o presente expediente a audiencia previa dos propietarios e propietarias afectadas, segundo o indicado na





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Memoria xustificativa da modificación puntual nº1 do PXOM e no informe da arquitecta municipal do 17.10.2024, sendo os titulares catastrais das fincas que a continuación se relacionan:

15070A02400546
15070A02400547
15070A02400548
15070A02500050
15070A02500053

Os interesados, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. Se antes do vencemento do prazo os interesados manifiestan a súa decisión de non efectuar alegacións nin aportar novos documentos ou xustificacións, terase por realizado o trámite.

SÉTIMA.- De conformidade co establecido no artigo 65 da LSG e o artigo 157 do RLSG, por supoñer un reaxuste que supón a reclasificación da parcela catastral 15070A02500053, pasando a súa calificación de solo rústico de especial protección forestal a solo urbanizable, solicitar o informe sectorial do órgano sectorial competente.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e trinta e catro minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 28.11.2024 segundo o borrador asinado o día 25.11.2024. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

